

# BANDO

## BENESTAR EN BALNEARIOS 2023

Informase ás veciñas e veciños que a Consellería de Política Social e Xuventude ven de abrir o prazo de solicitude para o Programa “Benestar en Balnearios” 2023.

### Persoas beneficiarias e requisitos:

- Ser maior de 60 anos, ou pensionista maior de 55 anos
  - Residir e ter empadramento na CA de Galicia
  - Valerse por si mesma/o para as actividades da vida diaria
  - Non padecer alteracións do comportamento que poidan afectar a normal convivencia nos establecementos, nin padecer enfermidade transmisible con risco de contaxio.
  - carecer de contraindicación médica para a recepción dos tratamentos termais
- A persoa solicitante poderá ir acompañada da súa ou do seu cónxuxe ou persoa con análoga relación de convivencia, sempre que cumpra os requisitos citados anteriormente
- Tamén poderán participar un fillo ou filla que teñan un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, sempre que non precisen de apoio de terceira persoa e se despracen con autonomía, compartan o cuarto coas persoas proxenitoras e cumpran os requisitos citados anteriormente (agás o de idade)

### Datas:

Quendas de 10 días (9 noites) entre o 22 de outubro e o 31 de decembro de 2023

### Servizos incluídos:

- Aloxamento e manutención en réxime de pensión completa e en cuartos dobres de uso compartido.
- Tratamento termal básico que, en todo caso, prescriba o persoal médico do balneario.
- Programa de actividades de animación sociocultural que se leve a cabo no establecemento hoteleiro ou termal.
- Póliza colectiva de seguro turístico

### Documentación:

- [Solicitude](#), na que se cubrirán todos os datos requiridos, tanto da persoa solicitante como da/o cónxuxe ou acompañante cando proceda.
- Fotocopia do DNI da persoa solicitante e da/o cónxuxe ou acompañante se procede
- Copia do libro de familia no caso de que a persoa solicitante queira acudir ao programa acompañada dun/dunha fillo/a e- Certificado do grao de discapacidade do/da mesmo/a.
- Certificado de pensións.

### Prazo de Solicitude:

ata o 18 de outubro

Para máis Información e presentación de solicitudes poden solicitar cita no **Servizo Social Comunitario** deste Concello TELF. 986564409 ou 986557125, email: [ssociais@pontecesures.org](mailto:ssociais@pontecesures.org)).

Ou solicitude online na sede electrónica da Xunta de Galicia [www.sede.xunta.gal](http://www.sede.xunta.gal)  
Liña de atención directa a maiores Canle+65: 900 333 666

Pontecesures, 19 de setembro de 2023  
A ALCALDESA, MARIA TERESA TOCINO BARREIRO

